

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 5481-106

ACORDO

AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN DE NADAL

I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 10 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno local (XGL) acordou aprobar o expediente de contratación de subministros e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración na campaña de nadal 2018/2019 (expediente nº 5481-106).

Segundo.- En data 19 de xullo de 2018 data publicouse o anuncio de licitación do citado procedemento no Diario Oficial da Unión Europea, e o 20 de xullo do mesmo ano no perfil do contratante do Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, rematando o prazo de presentación de ofertas o 27 de agosto de 2018.

Terceiro.- En data 24 de agosto comprobouse que o modelo de proposición incluído no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) non contén o desglose en lotes relativo aos criterios avaliados mediante fórmula relativos ao prezo de cada lote e ao incremento do stock de seguridade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Tal e como se relatou nos antecedentes, o modelo de proposición recollido no PCAP non contén o desglose en lotes relativo aos criterios avaliados mediante fórmula relativos ao prezo de cada lote e ao incremento do stock de seguridade.

O PCAP fixa como criterios de adxudicación avaliados mediante fórmula, no apartado 7.B da Folla de Especificacións do Contrato (FEC), os seguintes:

1. Melloras, dentro das cales se contemplan a achega de réplicas e o incremento de figuras (a) e o incremento do stock de seguridade (b).
2. Redución do prezo.

Sen embargo, o modelo de proposición fixado no apartado 6.B da FEC non contempla a división en lotes en todos estes criterios. En consecuencia, parece aconsellable que o órgano de contratación aclare como consignar esta información na oferta e que o acordo



se publique no perfil do contratante. Procede, pois, modificar os puntos 3, 4 e 5 do modelo de proposición. De este modo garántense os principios de igualdade e concorrencia, podendo ter acceso á mesma todos os posibles interesados neste procedemento.

Así, no modelo de proposición mantéñense os puntos 1 e 2 e substitúense os puntos 3, 4 e 5 polos seguintes:

“3.- Propón para o Lote 1:

a) As seguintes melloras:

- Comprométese a incluír na oferta réplicas dos sets incluídos no PPT para o Lote 1(si/non) coa seguinte superficie:
 - SET Nº 1.- Caseta do Nadal: (m2)
 - SET nº 2.- Nenos cantores: (m2)
 - SET nº 3.- Poboado navideño: (m2)
 - SET Nº 4.- Monecos de neve: (m2)
 - SET Nº 5.- Farol xigante: (m2)
 - SET Nº 6.- Camelo Real: (m2)
 - SET Nº 7.- Libro xigante: (m2)
 - SET Nº 8.- Tren do Nadal: (m2)
 - SET Nº 9.- Árbores colgantes Praza da Constitución: (m2)
 - Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun %.
- Deberá achegar a DECLARACIÓN RESPONSABLE de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa.

b) Propón como prezo sen IVE do Lote 1 o de euros, sendo a cota correspondente o IVE a de euros o que supón un prezo total do Lote 1 de euros.

c) Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato:

- Certificados de calidade ISO 9001-UN:(si/non)
- Certificado de calidade ambiental 14001-UN:(si/non)

4.- Propón para o Lote 2:

a) As seguintes melloras:

- Incrementa o número de figuras en relación coas incluídas no PPT para o Lote 2(si/non), e coa seguinte distribución:
 - SET N.º 10.- Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura) (máximo 2 ud):..... (Nº unidades)
 - SET N.º 11.- Caixa de agasallo (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts) (máximo 3 ud):..... (Nº unidades)
- Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun %.



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 5481-106

Deberá achegar a DECLARACIÓN RESPONSABLE de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa.

b) Propón como prezo sen IVE do Lote 2 o de euros, sendo a cota correspondente o IVE a de euros o que supón un prezo total do Lote 2 de euros.

c) Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato:

- Certificados de calidade ISO 9001-UN:(si/non).
- Certificado de calidade ambiental 14001-UN:(si/non)".

Segundo.- A ampliación dos prazos de presentación de ofertas está regulada no artigo 136.2 da LCSP. Contempla este precepto dous supostos:

1. Cando os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen ao requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación, nos termos sinalados no apartado 3 do artigo 138.
2. No caso en que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

E determina que se considera modificación significativa dos pregos. Esta será a que afecte a:

- a) A clasificación requirida.
- b) O importe e prazo do contrato.
- c) As obrigacións do adxudicatario.
- d) O cambio ou variación do obxecto do contrato.

No presente caso non concorre ningún dos supostos previstos na lei para a ampliación do prazo, xa que esta Administración nin desatendeu un requirimento de información dun interesado, nin tampouco trátase dunha modificación significativa dos pregos consonte ao artigo 136.2. No entanto, por analoxía, debería aplicarse este precepto, pois precisase completar o modelo de proposición para evitar posibles erros dos licitadores á hora de presentar a súa oferta e o prazo de presentación de ofertas remata o vindeiro luns 27 de agosto. Máxime tendo en conta que se o licitador se apartase sustancialmente do modelo de proposición establecido podería ser excluído da licitación (artigo 84 RLCAP e cláusula 14.4 do PCAP).

Respecto da duración da prórroga, o artigo 136.2 non fixa un prazo concreto, limitase a indicar que esta será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado. Dado que neste caso ningún licitador solicitou información adicional, tal e como prevé a cláusula 11 do PCAP, parece suficiente ampliar o prazo de presentación de ofertas en tres días naturais, rematando o xoves 30 de agosto, prazo que se



considera proporcional á importancia da corrección proposta.

Terceiro.- A competencia, tanto para modificar o modelo de proposición como para a ampliación do prazo correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa cualidade de órgano de contratación (DA 2ª LCSP).

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Substituir no modelo de proposición previsto no apartado 6.B da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de subministros e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración na campaña de nadal 2018/2019, expediente nº 5481-106, os puntos 3 4 e 5 polos seguintes:

“3.- Propón para o Lote 1:

a) As seguintes melloras:

- **Comprométese a incluír na oferta réplicas dos sets incluídos no PPT para o Lote 1(sí/non) coa seguinte superficie:**

- **SET Nº 1.- Caseta do Nadal: (m2)**
- **SET nº 2.- Nenos cantores: (m2)**
- **SET nº 3.- Poboado navideño: (m2)**
- **SET Nº 4.- Monecos de neve: (m2)**
- **SET Nº 5.- Farol xigante: (m2)**
- **SET Nº 6.- Camelo Real: (m2)**
- **SET Nº 7.- Libro xigante: (m2)**
- **SET Nº 8.- Tren do Nadal: (m2)**
- **SET Nº 9.- Árbores colgantes Praza da Constitución: (m2)**

- **Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun %.**

Deberá achegar a DECLARACIÓN RESPONSABLE de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa.

b) Propón como prezo sen IVE do Lote 1 o de euros, sendo a cota correspondente o IVE a de euros o que supón un prezo total do Lote 1 de euros.

c) Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato:

- **Certificados de calidade ISO 9001-UN:(sí/non)**

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/08/2018 14:03	Páxina 4 de 7
	Expediente 5481/106	CSV: 2EEA54-B6DBAA-52488E-TZCTYX-Y2ULQC-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 5481-106

- **Certificado de calidade ambiental 14001-UN:(si/non)**

4.- Propón para o Lote 2:

a) As seguintes melloras:

- **Incrementa o número de figuras en relación coas incluídas no PPT para o Lote 2(si/non), e coa seguinte distribución:**
 - **SET N.º 10.- Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura) (máximo 2 ud):..... (Nº unidades)**
 - **SET N.º 11.- Caixa de agasallo (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts) (máximo 3 ud):..... (Nº unidades)**
- **Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun %.**

Deberá achegar a DECLARACIÓN RESPONSABLE de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa.

b) Propón como prezo sen IVE do Lote 2 o de euros, sendo a cota correspondente o IVE a de euros o que supón un prezo total do Lote 2 de euros.

c) Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato:

- **Certificados de calidade ISO 9001-UN:(si/non).**
 - **Certificado de calidade ambiental 14001-UN:(si/non)".**
- Inclúese como Anexo a este acordo o modelo de proposición completo.**

2º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas do citado procedemento en tres días naturais.

3º.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".

O Concelleiro Delegado de Contratación
(sinatura dixital)

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/08/2018 14:03	Páxina 5 de 7
	Expediente 5481/106	CSV: 2EEA54-B6DBAA-52488E-TZCTYX-Y2ULQC-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

ANEXO MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a., con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), informado/a da licitación para a contratación por procedemento aberto mixto de subministros e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración na campaña de nadal 2018/2019, expediente nº 5481-106, manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.

2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP.

3.- Propón para o Lote 1:

a) As seguintes melloras:

- Comprométese a incluír na oferta réplicas dos sets incluídos no PPT para o Lote 1(si/non) coa seguinte superficie:

- SET Nº 1.- Caseta do Nadal: (m2)
- SET nº 2.- Nenos cantores: (m2)
- SET nº 3.- Poboado navideño: (m2)
- SET Nº 4.- Monecos de neve: (m2)
- SET Nº 5.- Farol xigante: (m2)
- SET Nº 6.- Camelo Real: (m2)
- SET Nº 7.- Libro xigante: (m2)
- SET Nº 8.- Tren do Nadal: (m2)
- SET Nº 9.- Árbores colgantes Praza da Constitución: (m2)

- Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun %.

Deberá achegar a DECLARACIÓN RESPONSABLE de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa.

b) Propón como prezo sen IVE do Lote 1 o de euros, sendo a cota correspondente o IVE a de euros o que supón un prezo total do Lote 1 de euros.

c) Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato:

- Certificados de calidade ISO 9001-UN:(si/non)
- Certificado de calidade ambiental 14001-UN:(si/non)

4.- Propón para o Lote 2:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/08/2018 14:03	Páxina 6 de 7
	Expediente 5481/106	CSV: 2EEA54-B6DBAA-52488E-TZCTYX-Y2ULQC-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Expediente: 5481-106

a) As seguintes melloras:

- Incrementa o número de figuras en relación coas incluídas no PPT para o Lote 2(si/non), e coa seguinte distribución:
 - SET N.º 10.- Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura) (máximo 2 ud):..... (Nº unidades)
 - SET N.º 11.- Caixa de agasallo (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts) (máximo 3 ud):..... (Nº unidades)
- Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun %.

Deberá achegar a DECLARACIÓN RESPONSABLE de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa.

b) Propón como prezo sen IVE do Lote 2 o de euros, sendo a cota correspondente o IVE a de euros o que supón un prezo total do Lote 2 de euros.

c) Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato:

- Certificados de calidade ISO 9001-UN:(si/non)
- Certificado de calidade ambiental 14001-UN:(si/non)

Lugar, data e sinatura do licitador.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/08/2018 14:03	Páxina 7 de 7
	Expediente 5481/106	CSV: 2EEA54-B6DBAA-52488E-TZCTYX-Y2ULQC-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		